

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / Saída: cando lle peta / Prezo: cunca albariño caseiro / Coordina: Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº70/ Ano: 2023 / 1º xornal Mes de xullo / Estado de Vacacións

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Juan Otero Reiriz
Outro mozo auniense que se nos foi. F 1981. Páx. 2



PIORNOS DE ONS. BIE
Todos os piornos de Ons deberían ser BIE: Ben Interese Etnográfico, pero as administracións que xestionaron e xestionan a Illa, non entenden de Cultura se non hai cartos polo medio. Páx. 2



TXOTO de aniversario
Non faltaron os seus colegas e houbo Festa Jolgorio. Páx. 1



MEMORIA DA AUGA
Pero auga ningunha. De quen é a competencia? Páx. 4

GUÍA, ISLA DE ONS?

Nestas páxinas atoparémola:
<https://www.gciencia.com/illasatlanticas/praias-das-dornas-o-tesouro-das-tradicons-marineiras/>
<https://www.gciencia.com/illasatlanticas/praias-area-dos-cans-un-tesouro-agochado-baixo-a-superficie/>
<https://www.gciencia.com/illasatlanticas/a-antiga-escola-de-ons-vivindo-como-colonos/>
<https://www.gciencia.com/wp-content/uploads/2021/09/GC.Asisomos.pdf>
<https://www.gciencia.com/illasatlanticas/faro-de-ons-a-torre-que-salvou-vidas/>
<https://www.gciencia.com/illasatlanticas/castelo-dos-mouros-o-pasado-celta-da-illa-de-ons/>
<https://www.gciencia.com/illasatlanticas/buraco-do-inferno-a-forza-do-mar-en-estado-puro/>

Páx. 3



ONS ARQUEOLÓXICA

Estes paneis que no seu día puxo o concello con subvención do Parque Nacional, están nun estado deplorable. Páxs. 1 e 6



MELIDE
Volve a ser nudista grazas á intervención da administración. Páx. 6



UN CURSO EN PONTEAREAS
A familia do Xiada que soubo acoller aos que viñamos de fóra. Páx. 5



PASARELA DE AREA DOS CANS
Constantes reparacións. Páx. 6



A ver se pronto vemos un depósito en condicións para casos de emerxencia. Páx. 7

Un lector mandoume unha carta sobre diferentes aspectos de Ons que, grazas a Onstopus, descubriu debido aos xa moitos anos que leva ser ir á Illa. Entre outros asuntos, con respecto á nova do anterior número: **“Contra o Feísmo”** páx. 2, di:

“... no me puedo creer que los que rigen los asuntos de Ons, hagan semejante agravio a la típica urbanización isleña. En el continente, estos registradores de luz, agua, etc., intentan encajarlos en la propia pared y hasta los cubren con una tapa de piedra fina, u otro material según sea el muro donde van empotrados, con lo que queda totalmente disimulados. Ver las fotografías que Usted puso en esta revista, no solo da un espasmo arquitectónico a la vista, sino que también demuestra la falta de cultura de las personas que lo permiten y hacen.

Su protesta en la revista, no está mal, pero creo que se debería mandar un escrito a la Consellería responsable y a la de Cultura y Patrimonio, a la vez de pedir la dimisión de las personas responsables de semejante disparate urbanístico en un Parque Nacional.

Y, todo sea dicho de paso, ¿Qué opinan los vecinos? ¿Y el ayuntamiento de Bueu, no tiene nada que decir? La Conselleira tiene una gran parte de la culpa, pero vecinos y ayuntamiento, también.”


Prezado lector, moitas grazas pola túa carta á que xa contestei por privado, pero quixen poñer este pequeno anaco dela pola importancia que ten a súa suxestión.

En Galicia hai un grave desleixamento político e institucional para controlar e evitar estes problemas de Patrimonio, tanto cultural como natural, só, cando non hai remedio ou o dano é serio, é o intre no que intentan toman medidas que, en moitos dos casos, o deterioro é xa irreversible.

Como ben di, neste caso en concreto, houbo unha despreocupación por parte da D. Xeral de Patrimonio Natural ao igual que por parte do concello de Bueu que debería revisar todas as obras que se fan en Ons tanto por veciños como pola propia administración, controlalas e denunciar as malas prácticas.

Que eses contadores son necesarios, dende logo que si, pero un mínimo de responsabilidade e respecto coa arquitectura popular mariñeira da Illa, deberían ter os que mandaron colocalos (Consellería de Medio Ambiente e D. Xeral).

Tamén estou de acordo con vostede en que os veciños deberían dicir algo ao respecto e que terían que estar máis vixiantes coas obras que a administración fai na súa Illa, demostrando con iso ese Sentimento que teñen cara a ela. En moitas ocasións dixen, que os veciños deberían ser informados puntualmente das obras que a administración vai levar a cabo en Ons, dar as súas opinións, participar con suxestións,..., e colaborar activamente en todo aquilo que traia benestar para Ons e os seus veciños.



Aniversario de Txoto. Non faltaron os seus colegas que animaron a tarde con música de gaitas, tamboril e bombo, sen esquecermos da tarta.



Tamén chegaron a Ons, os carteis promovidos por unha asociación que pretende que os topónimos sexan en castelán. Despois do de “Sangenjo”, decidiron que Ons tamén ten que modificar os seus topónimos, e comezaron, nada máis e nada menos que, co Buraco do Inferno.



Os paneis da Ruta Arqueolóxica en claro deterioro. Falla mantemento no Parque Nacional.



ONS NA MEMORIA

PIORNOS DO CAÑO

Varios lectores preguntáronme, con respecto ao *Ons na Memoria* anterior, onde falaba da “Atalaia”, piorno que derrubaran para aproveitar as pedras, pois non o situaban na zona e menos aínda sabían como era a súa fasquía.

Pois aquí o teñen, no barrio de Caño, facendo case unha cruz co pequeno piorno de Celestino, que pertence á casa nº 35 e que eu habitei durante máis de 10 anos e que se pode ver ao fondo.

Esta foto é do ano 1976. Como podemos apreciar é un piorno xeitoso, con moi boa cantería ao que só lle faltaban as tellas. Facían un conxunto arquitectónico fantástico, nunha zona onde, daquela, estaba habitada por case todas as familias do barrio. Unha pena que a administración non tomara cartas no asunto no seu momento.

Juan, cos seus curmáns: Tito e Camilito e amigos, rumbo á Illa.



JUAN OTERO REIRIZ

Outro mozo auniense que se nos foi á velocidade da vertixe. Juan, con case 20 anos, decide que tiña que ir ao mar, á altura, para gañar cartos, mercar a súa casa e independizarse. Durante 32 anos estivo en case todos os grandes caladoiros: Malvinas, Canada, Arxentina, Chile, Marrocos, Angola,... Xa tiña o seu mundo feito, agora só quedaba gozar e vivir, pero o “bicho” non dá tregua. DEP.

JUAN OTERO REIRIZ



Juan (á dereita) xunto co actor galego Alfonso Agra (centro) e o auniense Sardiña.



Comezou a tempada do polbo. Álvaroito saíu na súa procura e aquí tivo a súa recompensa, nada menos que un polbo de 60 Kg. Non sei que lle pasa a este ordenador que, ás veces, cólase un (0) polo medio.



<https://www.traveler.es/naturaleza/galerias/mejores-playas-de-espana>

Playa Pereiro (Ons, Pontevedra)

Parte del Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia, la isla de Ons es naturaleza costera en estado puro, todo un placer para los sentidos, con playa Pereiro como abanderada. Y si quieres más, puedes pasarte por las cercanas Islas Cíes, completando así un circuito gallego que no olvidarás fácilmente. Un hurra por los destinos patrios.

Estamos á procura desta praia de Melide na Illa de Ons. Se alguén sabe algo dela, por favor, poñerse en contacto coa redacción. Que pouca profesionalidade!!!

Praia de Pereiró, na Illa de Ons, está en Traveler entre las 50 mellores de España. En que posto estarían Melide, Area dos Cans, Canexol? ...



Falabamos en Onstopus pasados, sobre a seca de árbores na zona de Curro, na baixada cara a praia de Area dos Cans.

Un día, por fin, quitaron aquelas árbores que daban un mal ver cara a entrada da ría de Pontevedra e fixeron un camiño, moi ben feito. Pasaron uns anos, e de súpeto, volve a aparecer esa pandemia de novo no mesmo lugar.

Na fotografía podemos apreciar as árbores secas, nunha zona que Parques preparou para que os visitantes tiveran un lugar de descanso. Plantacións ningunha nesta zona. Para que puxeron tantas mesas neste lugar se agora lle quitan a sombra?

FONTE DE CURRO

Aqueles que levamos moitos anos en Ons, esta fonte tráenos moitos recordos.

A auga daquela, anos 70 – 90 s. XX, só atopábamola nas poucas fontes existentes, e lavarse ou ducharse, os que estábamos de cámping ou nunha casa auniense, era moi complicado, por iso esta fonte era a nosa solución hixiénica. Cantas pelexas co primeiro Garda Forestal, porque íamos lavarnos-ducharnos aí!!! Pero foi unha alternativa.

Esta fonte que se prové de auga do depósito da Entenza, este ano atopámola así, moi documentada historicamente, pero sen aprovisionarnos de auga.

Non sabemos cal é o motivo, pero esperamos que sexa unha cousa puntual. Veciños e visitantes teñen dereito a un lugar onde refrescarse.



PATACAS AUNIENSES RUMBO A BUEU

Dende Pineiróns, levamos anos pedindo que se faga un estudo sobre as posibilidades agrícolas de Ons, onde as familias aunienses que queiran traballar as terras, que sempre traballaron, poidan seguir facéndoo. Con iso, entre outras centos de cousas, conseguírase que os aunienses volvan ás súas orixes e que as terras estean traballadas sen que sexan as máquinas de Parques as que as limpen de maleza.

Vemos como, algúns aunienses, logran ter patacas para todo o ano na Illa e ata mandan para a súa familia en terra.



Praia de Area dos Cans. Campamento Xunta

Que pena, o Concello de Bueu segue sen facer nada para que esta praia sexa Bandeira Azul. Gastos non debería ter ningún, pois, se hai un mínimo diálogo con Parques, Xuventude, Deputación,..., se conseguiría o necesario para que tivera esa distinción e, de paso, servir, os seus socorristas, para seguridade dos rapaces do Campamento. Terá que ocorrer algo para... **Páx. 4**

UN CURSO EN PONTEAREAS

Estabamos na Illa de Ons. Era finais de xullo e chega a nova, a Lupe danlle escola en Ponteareas, concretamente na parroquia de Guláns no colexio público Feliciano Barrera.

Despois de case 20 anos na zona do Salnés, agora teriamos que trasladarnos a Ponteareas, ao interior, sen o noso mar, que nos fai renacer o espírito.

Á vez, dous colegas, que fai 30 anos estiveran de mestres nese pobo, non falaban del, precisamente ben, polo que a moral cada vez era máis baixa.

Pero, sempre hai un pero, as cousas foron cambiando. O máis importante era que no colexio houbera un bo profesorado, pois se aínda de estar afastado do noso terruño, o compañeirismo non era o adecuado, mal iamos a comezar, e ese primeiro punto **CONSEGUIDO**, a **camaradaría impecable**.

O segundo punto, buscar piso e adecuarnos á nova vida. **Tamén perfecta**. O domicilio non podería ser mellor. Despois duns días de busca, topamos coa Inmobiliaria Sestelo que nos procurou un piso a moi bo prezo, en comparación do que viramos antes, no centro, soleado, con garaxe,...., non se podía pedir máis.

A partires de aí, aínda con problemas debido á miña operación de cadeira, todo foi como calquera o desexaría, bos compañeiros e excelentes alumnos no colexio e, paseniñamente, adaptándose á vida ponteareá de luns a venres.



Nos seus arredores un conxunto impecable de recursos turísticos. Dende rutas de sendeirismo ata un innumerable patrimonio monumental que, comezando no Castelo de Sobroso e pasando polo Castro de Troña, atoparemos miradoiros como o da San Cibrán, a ponte romana dos Remedios, a Pena dos Namorados,...., e a poucos quilómetros a concello de Mondariz Balneario.



Á esquerda o Severo, nun día de mercado. No centro a xamonería Casa Ferreira e á dereita O Xiada cos seus donos.


Ao contrario do que me dicían, en Ponteareas pronto atopas amizade, e máis se nos teus paseos achégaste a degustar os seus viños e tapas.

Así foi, pronto descubrín o Severo, excelente, típica e antiga taberna cun viño da zona moi bo e coas súas tapas, entre as que hai que destacar, os callos e a fabada.


Ao seu lado O Xiada, onde atopei un trato familiar, unha rica tortilla e a Carlos, o seu dono, co que os domingos noite viamos os partidos do Celtiña, do meu Osasuna, do Madrid se o seu camareiro Jose daba atinado a conectalo ben, pois, cando xogaba o seu Barcelona, a conexión era perfecta, pero cando xogaba o Madrid do seu xefe, sempre había problemas. No Xiada tamén se comía moi ben.

Debaixo de casa tiña a xamonería Casa Ferreira, onde saboreabas uns bos mencións e rioxas sempre acompañados dunha boa tapiña de xamón. Pronto fixen amizade con eles pois, Antonio, o dono gusta de pasar os días libres de verán pola zona do Salnés e coñecía perfectamente todas as postas do bo comer, destacando, a Taberna de Mari e o Cani, as dúas moi preto da miña casa.

Dende logo, non houbo queixa da nosa estancia en Ponteareas, máis ben, todo o contrario.



ASUNTOS VARIOS. Xullo 2023



ESTADO DA PASARELA A AREA DOS CANS

Xa temos falado dela en varios Onstopus e coido que foi unha inversión non moi adecuada pois, aínda que facilita a chegada á praia dende o peirao, o seu estado de conservación é deficitaria, tendo que ser arraxada todos os anos. Habería que buscar alternativas.

ONS ARQUEOLÓXICA. Estado dos paneis informativos

Outro tema que xa temos tocado en varias ocasións. De nada serve que se fagan cousas interesantes, como foi no seu momento a instalación destes paneis sobre unha Ruta Arqueolóxica pola Illa, se non hai despois un programa de conservación que, ao menor deterioro, se lle busque solución inmediata e así evitar o seu desgaste total que traia un custe máis alto ou, o que é peor, a súa eliminación. Suxiro que nas próximas subvencións á Area de Influencia, o concello de Bueu retome esta magnífica idea do, por aquel entón, concelleiro de Medio Ambiente, Adrián, e renove a súa solicitude para arraxar eses paneis e, á vez de poñelos ao día e buscar para algúns unha mellor situación.



PRAIA DE MELIDE. Praia Nudista?

No seu momento a praia de Melide contaba cunha boa cantidade de arborado e nela se practicaba o nudismo dende hai máis de 40 anos.

O nudismo foise perdendo, quedando relegado só a unha pequena parcela ao norte da praia. Iso non lle debeu gustar á administración e decidiu que esta praia e zona tiña que recuperar ese ambiente nudista de antano. E, logrouno!!!, *deixouna núa*, pero de arborado.

Esperemos que pronto inicien unha reforestación axeitada.

HAI QUE TER MÁIS COIDADO

Se o pouco arborado que había o están eliminando por non ser autóctono e non realizan a recuperación adecuada, estamos listos.

Se a vexetación que cumpre a normativa, tamén se esnaquiza, pronto non contaremos cun Parque Nacional axustado ás exixencias para manter este estatus.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, ten que poñerse as pilas.





PROMESAS DO ANO 2022

Unha das promesas que o Presidente da Xunta fixo fai un ano, con bastante retraso, comezou o seu camiño. Aquí a temos, é o lugar de Chan da Pólvora onde van a poñer un amplo depósito que, abastecido pola fonte de Caniveliñas, terá auga para emerxencias estivais en caso de seren necesarias.

Esperemos que fagan un depósito de obra en condicións e saquen eses recipientes que, dende a catástrofe do Prestige, aínda andan pola Illa recordándoo.



DEPÓSITO DE AUGA EN MELIDE

Non temos moita idea do servizo que este depósito pode facer en caso de incendio; dende logo podemos asegurar que o seu aspecto e moi disuasorio, vendo o estado da auga, nin o lume vai ter narices de prender.

Tamén, pobre Melide, cortáronlle as árbores, non reforestan e, aínda por riba, asústana con esa auga.

Tería que vir a bañarse nela algunha das responsables da Consellería.